

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI

CURSO: 4º PRIMARIA

MATERIA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA ( EDUCACIÓN PLÁSTICA)

DEPARTAMENTO:

DATA: 11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas, os códigos e as técnicas básicas das obras plásticas, e expresar as súas diferenzas.	EPB1.2.1. Representa formas naturais e artificiais presentes no contexto, utilizando instrumentos, técnicas e materiais adecuados na súa obra persoal.
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.
B2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazo	EPB2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazo
	EPB2.5.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:  Feed-back (polos medios postos a disposición dos alumnos/as: web, aula virtual, correo , material impreso a través do Concello...) do material elaborado</p>
	<p>Instrumentos: - Traballo individual realizado polo alumno/a e recepcionado pola mestra. Revisión do traballo</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:  - Media aritmética das cualificacións da materia na 1ª e 2ª avaliación, no caso de alumnos/as que superaran as materias nas dúas avaliacións ou polo menos nunha delas. - Redondeo á alza (na media das cualificacións) cando haxa constancia por parte do mestre de que está a traballar ao longo do 3º trimestre (sexa das recomendacións feitas polo mestre ou por outros medios) No caso de ter as avaliacións suspensas nalgunha das materias, entrega obrigatoria ao mestre (polos medios a disposición do alumno: on line, impreso a través do Concello...) do traballo de repaso e recuperación elaborado para este trimestre.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente (1)</b>	<p>Criterios de avaliación:  Os criterios versarán sobre os contidos impartidos nos dous primeiros trimestres</p>
	<p>Criterios de cualificación:  Para a cualificación, partiremos das anteriores avaliacións, valorando en positivo o traballo realizado neste terceiro trimestre</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:  Seguimento dos posibles traballos enviados polo alumnado ao longo deste</p>

	terceiro trimestre
--	--------------------

(1)

AÍNDA QUE EN ED. PRIMARIA A AVALIACIÓN É CONTINUA, NO CASO DAQUELES ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS, SERÁ O RESPONSABLE DA MATERIA O ENCARGADO DE DITAMINAR SE SE CONSIDERA A MATERIA SUPERADA OU NON EN BASE AOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTERIORES E AS PROCEDEMENTOS COMO NA EDUCACIÓN PRESENCIAL AÍNDA QUE NON SE SUPERE O CURSO ACTUAL, O QUE QUEDARÁ REFLEXADO NA CORRESPONDENTE DILIXENCIA DE XADE (EX. ALUMNOS CON CN DE 3º PENDENTE PODE CONSIDERARSE QUE SUPEROU A MATERIA AÍNDA QUE NON SUPERE A DE 4º)

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Póñense a disposición do alumnado actividades de repaso, reforzo e recuperación de todo o traballo realizado ao longo dos dous trimestres do curso. Seguindo as instrucións da Consellería e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na maioría do noso alumnado (situacións económicas, sociais e culturais... moi desfavorecidas) non se avanza en contidos.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Identifícase persoalmente a todo o alumnado que ten a súa disposición medios electrónicos para a realización do traballo, e aquel que preferindo outros medios ou non tendo recibe o material impreso coa colaboración realizada pola Área de Educación do Concello de Lugo.
<b>Materiais e recursos</b>	Os imprescindibles nestas circunstancias. Ademais da conectividade persoal que pode ter cada familia, identifícase persoalmente aos que carecen dela, así como os que precisan de material funxible mínimo (papel, lapis...) sendo comunicado tal circunstancia ao Concello de Lugo para que poña a disposición do alumnado o máis elemental.

<b>2. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. <a href="#">Darase a coñecer a través das canles de comunicación que o centro ten establecidos (web, instagram, abalar</a>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro , <a href="#">e polos medios electrónicos dispoñibles.</a> .